



Concello de Marín Ayuntamiento de Marín

I CONCURSO DE DECORACIÓN DO NADAL

BASES DO I CONCURSO DE DECORACIÓN DO NADAL

1. OBXECTIVO.-

O Concello de Marín a través das Concellerías de Comercio, Festas e Cultura convoca o I Concurso de Decoración do Nadal do municipio co obxecto de fomentar a participación cidadá no embelecemento e ornamentación da vila, facendo cómplices a comerciantes, hostalería e veciñanza da imaxe de Marín.

Mediante este concurso preténdese promover a creatividade que durante o Nadal na nosa vila, se potencie o ambiente de Nadal, así como fomentar o aspecto artístico e o carácter tradicional.

Para promover o interese e a participación, e para un maior realce do concurso, o Concello concederá premios económicos aos participantes que resulten gañadores, segundo os criterios de valoración e puntuación que se determinan máis adiante.

O procedemento de concesión destes premios tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

2. PARTICIPANTES.-

Poderán participar no concurso e, por tanto, poderán ser beneficiarios nos termos establecidos nestas bases: vivendas, comunidades de propietarios de edificios, hostalería, comercios e/ou negocios que estean ubicados no termo municipal de Marín.

Para poder participar será necesario presentar a solicitude que se indica no Anexo I.

3. CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN.-

A decoración deberá estar exposta dende o 11 de decembro de 2020 ata o día 7 de xaneiro de 2021.

As decoracións e adornos teñen que ser típicos de Nadal e a zona elexida para ser decorada ten que ser totalmente visible dende a vía pública.

4. CATEGORÍAS E MODALIDADES.-

Establécense tres categorías:

1ª.- COMERCIO

Establécese unha modalidade e valorarase en conxunto o mellor escaparate e interior do establecemento participante. Poderán participar todos os comercios e/ou negocios ubicados no termo municipal, non podendo participar nas tres categorías de forma simultánea.

O establecemento participante deberá decorar o seu escaparate e interior co ambiente propio das festas, utilizando elementos tradicionalmente de nadal, iluminación da instalación e composición. Os obxectos de venda que se atopen nos escaparates poderán ser cambiados durante este periodo, sempre que non se modifique a decoración do escaparate.



Concello de Marín Ayuntamiento de Marín

2ª.- HOSTALERÍA

Establécese unha modalidade e valorarase en conxunto a mellor entrada e interior do establecemento participante, así como ventanais. Poderán participar todos os comercios e/ou negocios ubicados no termo municipal, non podendo participar nas tres categorías de forma simultánea.

Os establecementos participantes deberán decorar a súa entrada e interior co ambiente propio das festas, utilizando elementos tradicionalmente de Nadal, iluminación da instalación e composición.

3ª.- VIVENDAS

Establécense tres modalidades:

- 3.1. *Comunidade de veciños dun edificio*: Poderán participar todas as Comunidades de veciños de Marín que decoren as entradas principais dos seus edificios e que esas decoracións sexan totalmente visibles dende a vía pública.
- 3.2. *Ventás e/ou balcóns dun edificio*: Poderá participar toda a veciñanza de Marín que resida nun edificio de Marín e que decoren as súas ventás e/ou balcóns de modo que esta decoración sexa totalmente visible dende a vía pública.
- 3.3. *Vivendas unifamiliares*: Poderán participar os residentes en calquera vivenda unifamiliar ubicadas en Marín que decoren as súas vivendas e/ou xardíns de modo que esta decoración sexa totalmente visibles dende a vía pública.

5. INSCRICIÓN.-

Os interesados en participar no concurso de decoración poderán inscribirse gratuitamente ata o día 11 decembro de 2020, utilizando o modelo normalizado de participación (anexo I), onde se indicarán os seguintes datos:

- a) Nome e número/s da rúa donde se ubica o establecemento, local, edificio, casa ou local a decorar con todos os datos necesarios para a súa localización.
- b) Nome da persoa que ostente a representatividade do mesmo.
- c) DNI da persoa representante.
- d) Dirección de correo electrónico.

No se admitirán solicitudes presentadas fora do prazo indicado no parágrafo anterior.

A solicitude de inscrición poderá obterse nas dependencias do rexistro do Concello de Marín, ou ben pode ser descargado na páxina web do concello www.concellodemarin.es.

Unha vez cumprimentada a solicitude poderá ser presentada a través da sede electrónica do Concello de Marín (www.concellodemarin.es) ou ben de forma presencial sempre que non se trate dun dos obrigados a relacionarse coa administración de forma telemática utilizando calquera dos medios indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común. Se desexa presentar a solicitude de forma presencial a través da oficina de asistencia do Concello de Marín deberá solicitar cita previa a través da sede electrónica ou chamando ao número de teléfono 986.880.300.

O procedemento de instrución e resolución levarase a cabo no Departamento de Comercio nos termos que se regulan nos artigos 23 a 27 da Lei xeral de subvencións.



Concello de Marín Ayuntamiento de Marín

6. MONTAXE.-

A temática para a decoración será de Nadal, así como a composición de elementos, a proposta de ornamentación das fachadas, entradas, ventás, casas, árbores, etc. dos participantes.

Os elementos decorativos situaranse sobre as fachadas, balcóns, ventás, xardíns, escaparates, interiores, sen causar ningún tipo de perigo nin perxuízo para as persoas e os bens, e sen ocupar as vías de circulación.

En caso de realizar a ornamentación aproveitando o voo das vías públicas (colocación guirnaldas, faroliños, iluminación...), deberase contar coa aprobación dos donos dos inmobles.

Os comercios e/ou negocios, hostalería e participantes en calquera das modalidades de vivenda, serán os encargados e responsables da seguridade, montaxe, coidado, mantemento e recollida o finalizar estas datas.

7. OBRIGATORIEDADE E RESPONSABILIDADE.-

Os participantes deberán aportar antes do día 14 de decembro de 2020 (incluído) cando menos 3 fotografías polas que se poida visualizar a decoración realizada. A achega das fotografías realizarase á conta de correo electrónico concursos@concellodemarin.es facendo constar o número de rexistro da solicitude e a identidade do representante.

Deberanse respectar as normas para a montaxe, debendo estar a decoración rematada o día 11 de decembro de 2020.

En caso de utilizar pintura, deberá ser diluíble para que as rúas recuperen o seu estado normal canto antes.

O solicitante deberá responsabilizarse do cumprimento das normas establecidas en canto á seguridade e medidas específicas sanitarias.

En todo caso, o Concello queda exonerado das responsabilidades derivadas dos danos materiais, físicos ou de calquera outra natureza que se poidan producir a terceiros con motivo dos traballos de instalación, montaxe e desmontaxe.

No caso de que por motivos sanitarios nestas datas se produza o peche de comercios e/ou hostalería, estas categorías poderán ser pospostas de cara a outras datas. Manterase soamente o concurso nas categorías de Vivendas. Calquer modificación destas bases será publicada na páxina web e redes sociais do Concello.

8. PREMIOS.-

Destínase un crédito de 3.300,00 euros que se imputará á aplicación orzamentaria 338 481 do orzamento de gastos do ano 2020 para a concesión de premios aos participantes no I Concurso de Decoración do Nadal con motivo da celebración das festas.

Establécense os seguintes premios por categoría e modalidade:



Concello de Marín Ayuntamiento de Marín

1º.- COMERCIO

- ✓ 1º PREMIO: 300€.
- ✓ 2º PREMIO: 200€.
- ✓ 1 Sorteio entre tódolos participantes, excepto os gañadores, nesta modalidade por valor de 100€.

2º.- HOSTALERÍA

- ✓ 1º PREMIO: 300€.
- ✓ 2º PREMIO: 200€.
- ✓ 1 Sorteio entre tódolos participantes, excepto os gañadores, nesta modalidade por valor de 100€.

3º.- VIVENDA

3.1.- COMUNIDADE DE VECIÑOS DE EDIFICIO.

- ✓ 1º PREMIO: 300€.
- ✓ 2º PREMIO: 200€.
- ✓ 3º PREMIO: 100€.
- ✓ 1 Sorteio entre tódolos participantes, excepto os gañadores, nesta modalidade por valor de 100€.

3.2.- VENTÁ OU BALCÓN DE EDIFICIO.

- ✓ 1º PREMIO: 300€.
- ✓ 2º PREMIO: 200€.
- ✓ 3º PREMIO: 100€.
- ✓ 1 Sorteio entre tódolos participantes, excepto os gañadores, nesta modalidade por valor de 100€.

3.3.- VIVENDA UNIFAMILIAR

- ✓ 1º PREMIO: 300€.
- ✓ 2º PREMIO: 200€.
- ✓ 3º PREMIO: 100€.
- ✓ 1 Sorteio entre tódolos participantes, excepto os gañadores, nesta modalidade por valor de 100€.

O pago dos premios será realizado mediante transferencia bancaria a todos os premiados. Ademais, os premiados deberán aportar declaración responsable de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa seguridade social, de conformidade co establecido no artigo 24 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

9. XURADO.-

O Xurado do concurso estará composto por:

1. Presidencia: Alcaldesa do Concello de Marín ou en que delegue.
2. 1 Representante da Concellería de Festas.
3. 1 Representante da Concellería de Cultura.
4. 1 Representante da Concellería de Comercio.
5. Rosa Mª Fariña, veciña de Marín
6. Cristina Barreiro, veciña de Marín



Concello de Marín Ayuntamiento de Marín

O xurado valorará a todos os participantes que figuren debidamente inscritos.

10.- CRITERIOS DE OUTORGAMENTO DOS PREMIOS.-

O xurado valorará aos participantes segundo os criterios:

- a) Que os adornos conteñan motivos alusivos ás festas de nadal.
- b) Boa iluminación. Terase en conta que a iluminación sexa LED co fin de incentivar o aforro enerxético.
- c) Orixinalidade e singularidade da decoración.
- d) Valorarase especialmente todas as decoracións nas que se utilice material reciclado.

Cada un dos criterios será valorado entre 1 e 5 puntos.

No caso de que máis de un participante obteña a mesma puntuación, o empate será resolto co voto de calidade da Presidencia.

11. FALLO.-

O xurado propondrá ás Concellerías de Comercio, Festas e de Cultura a concesión dos premios a aqueles establecementos, comercios e/ou negocios, particulares que obteñan maior puntuación nos distintos criterios.

O xurado levantará acta da valoración e poderá declarar desertos os premios se considera que non se alcanza un nivel mínimo de calidade.

O fallo do xurado realizarase o luns día 28 de decembro de 2020 e será inapelable.

12.- NOTIFICACIÓN AOS PREMIADOS e PARTICIPANTES.-

Para os efectos da práctica da notificación do resultado da valoración aos premiados, participantes e demais interesados, realizarase unicamente mediante publicación dos premiados no Taboleiro de anuncios do Concello e na web municipal o día 28 de decembro de 2020, de acordo co artigo 40 e 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ao tratarse de actos integrantes dun procedemento de concorrencia competitiva.

13. ACEPTACIÓN DE BASES.-

O feito de participar no concurso implica o coñecemento e a aceptación destas bases.

O Concello de Marín resérvase o dereito para introducir, se o cre conveniente, as modificacións necesarias para o bo funcionamento do concurso.

14. INCUMPRIMENTO.-

O incumprimento dalgunha das bases levará implícita a descualificación no Concurso.



Concello de Marín Ayuntamiento de Marín

15.- NORMATIVA APLICABLE.-

As presentes bases vinculan á administración, ao xurado e a quen participe nas probas, e tanto a convocatoria coas súas bases e cantos actos administrativos se deriven das mesmas e das actuacións do xurado, poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e formas que determine a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como no seu caso, na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.



Concello de Marín Ayuntamiento de Marín

(Anexo I)

SOLICITUDE INSCRICIÓN I CONCURSO DECORACIÓN NAVIDEÑA

Nº INSCRICIÓN:

DATOS DO SOLICITANTE:

Nome e apelidos: _____

D.N.I. /C.I.F.: _____ Número de teléfono: _____

Enderezo: _____

Enderezo electrónico: _____

CATEGORÍA: Marque a categoría e modalidade na que desexa participar:

COMERCIO OU NEGOCIO

Nome do establecemento: _____

HOSTALERÍA

Nome do establecemento: _____

VIVENDA

Comunidade de veciños dun edificio. Nome: _____

Ventá e/ou balcón dun edificio.

Vivenda unifamiliar.

INFÓRMASELLE que o Concello de Marín, en virtude do disposto no artigo 8 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), procederá ao tratamento dos datos persoais aquí reflectidos, de acordo coas competencias atribuídas pola lexislación aplicable ao réxime local, en aras de dar cumprimento ao interese público propugnado polo artigo 103 da CE en relación co disposto na Lei 39/2015, de 2 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e co regulado no artigo 6 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 (RXPDP). O órgano responsable e encargado do tratamento é o Concello de Marín cuxa dirección é Avda. de Ourense s/n 36900 Marín (Pontevedra), segundo o disposto no Título V da LOPDGDD. Os datos proporcionados neste modelo normalizado e documentación anexa, pasarán a formar parte dun Rexistro do Concello de Marín (Pontevedra), onde poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición (incluíndo expresamente a limitación do tratamento) de acordo co Capítulo II do Título III da LOPDGDD; dirixindo ao Concello solicitude neste eido. Así mesmo, indicámoslle que o tratamento dos seus datos será realizado integramente segundo a LOPDGDD e o RXPDP.

Ademais, informamos que todas as fotografías realizadas polos participantes no concurso de Decoración de Nadal levada a cabo polas Concellarías de Festas e Cultura do Concello de Marín, poderán ser utilizadas en distintos medios de difusión municipal, tanto en prensa escrita como dixital e nas redes sociais do Concello de Marín.

Sinatura:



Concello de Marín Ayuntamiento de Marín

En Marín, a ____ de _____ de 2020